



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais

Aprobación definitiva das bases reguladoras modificadas do POS+ 2022 para a regulación do POS+Adicional 2/2022

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES REGULADORAS MODIFICADAS DO POS+ 2022 PARA A REGULACIÓN DO POS+ADICIONAL 2/2022

Mediante o acordo adoptado polo Pleno desta deputación provincial o 23 de xuño de 2022, **considérase definitivamente aprobada a modificación das Bases reguladoras do POS+ 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais**, logo de desestimar as alegacións presentadas o 13 de xuño de 2022 polo Concello de Ordes, dentro do prazo de 10 días de exposición pública, mediante as que este concello solicitaba a modificación da base 13.4.2.A, que esixe unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello para participar na segunda fase do POS+ Adicional 2/2022, considerando o concello que para estes efectos bastaba unha Resolución da Alcaldía, polo que despois da desestimación destas alegacións polo Pleno desta deputación, a dita base 13.4.2.A mantén o mesmo texto que fora aprobado mediante o acordo plenario do 27 de maio de 2022 e que fora publicado no Boletín Oficial da Provincia número 102 do 31 de maio de 2022.

O acordo de desestimación das ditas alegacións figura na páxina web desta deputación.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP perante o mesmo órgano que o acordou, ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 19 de xullo de 2022

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario accidental

Miguel Iglesias Martínez

2022/4283